

CLÁUSULA DE TRATAMIENTO DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 5 da L.O. 15/99 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que:

a) No Colexio de Avogados de Vigo existe un ficheiro ou tratamento de datos de carácter persoal, no que se incluírán os datos profesionais e persoais que nos facilita coa súa solicitude de colexiación, unha vez que esta sea acordada.

A finalidade deste ficheiro é O REXISTRO DOS COLEXIADOS ACREDITADOS E INSCRITOS.

Os destinatarios, aparte do propio colexio, son

- . Mutualidad General de la Abogacía
 - . Consejo General de la Abogacía Española
 - . Consello da Avogacía Galega
 - . Organismos da Seguridade Social
 - . Facenda Pública e Administración Tributaria
 - . Instituto Nacional de Estadística
 - . Órganos Xudiciais
 - . Tribunal de Contas ou equivalente autonómico
 - . Órganos da Unión Europea
 - . Outros órganos da Administración do Estado
 - . Outros órganos da Comunidade Autónoma (Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta)
 - . Outros órganos da Administración Local
 - . Colexios Profesionais e os seus Consellos
 - . Notarios, Avogados e Procuradores
 - . Forzas e Corpos de Seguridade
 - . Bancos e Caixas de Aforro encargados do cobro das cotas e pagos da Quenda de Oficio.
 - . Entidades aseguradoras e corretorías encargadas dos seguros contratados polo Colexio.
- Así como os demais órganos da administración nos casos previstos na lei e para os fins nela establecidos, así como todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación, coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado. O feito de non facilitar os datos ás entidades mencionadas implica que non se poida cumprir coa prestación dos servizos.

b) Nos impresos e formularios facilitados para solicitar a alta colexial, hai preguntas con resposta facultativa.

É de carácter OBRIGATORIO a inclusión dos datos seguintes:

- Nome, apelidos, e D.N.I.
- Enderezo profesional, teléfonos, fax e correo electrónico.
- Datos académicos.
- O exercicio da algunha actividade incompatible coa avogacía.
- Datos bancarios (domiciliación das cotas).
- Alta no I.A.E., S.S. ou Mutualidade.

c) A falta dalgún dos datos a os que se refire o apartado anterior impedirá a tramitación do expediente de colexiación.

d) De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como do consentimento prestado para o seu tratamento, dirixindo a súa petición ao enderezo postal indicado máis arriba ou ao correo electrónico colexio@icavigo.org. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

e) O responsable do tratamento de datos ou ficheiro é o Colexio de Avogados de Vigo, (Edificio Praza de América. Portal de Oficinas nº 2, 1º Andar 36211 Vigo).

f) O Delegado de protección de datos é Dosaes Group, S.L. (rúa Pizarro, 47 entlo, ofic. 4-36204 Vigo).

Igualmente, e de acordo co que establece a Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, solicitamos o seu consentimento explícito para utilizar as imaxes captadas mediante fotografías e /ou vídeos realizados pola nosa entidade, coa finalidade de potenciar a imaxe corporativa e publicalas na páxina web da entidade.

SÍ AUTORIZO o tratamento das imaxes

NON AUTORIZO o tratamento das imaxes

O Colexio de Avogados de Vigo informa de que coa sinatura do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Data: ____/____/____

Asdo.: _____

Por último, **AUTORIZO EXPRESAMENTE** que:

a) Nas guías colexiais e aqueloutras listas ou censos profesionais considerados como fontes de acceso público, se inclúan o nome, apelidos, enderezo e actividade, o número de colexiado, teléfono profesional, fax e correo electrónico e,

b) Se me envíe a publicidade ou a información que a Xunta de Goberno considere de interese para os colexiados.

Asdo.: _____